



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

BASES DO CERTAME DE DECORACIÓN NAVIDEÑA DO COMERCIO BAIONÉS

“DECORANDO BAIONA NO NADAL 2019-2020”

O Concello de Baiona, a través da Concellería de Comercio, organiza o presente concurso co obxecto de promover e incentivar a creatividade comercial de Baiona á hora de decorar os establecementos comerciais e hostaleiros da Vila, para facelos máis atractivos ao consumidor/a, reforzando a imaxe dos mesmos e dinamizando o comercio no Municipio de Baiona.

A temática do concurso estará vinculada á decoración de Nadal durante os meses de decembro e xaneiro o que contribuirá a crear un ambiente festivo propio destas datas de Nadal. Dende o Concello premiarase aos negocios que, con motivo da **Campaña do Nadal 2019-2020, mellor engalanen as fachadas, escaparates e o interior dos seus establecementos comerciais.**

PRIMEIRO: PARTICIPANTES.

Poderán participar neste concurso todos os establecementos do Concello de Baiona (comercio ao por menor, restauración, hostalería, etc.) que o soliciten formalmente no Concello de Baiona e dentro do prazo establecido nas presentes bases.

SEGUNDO: LUGAR E PRAZOS DE INSCRIPCIÓN.

A inscrición para participar, se realizará na Oficina de Rexistro do Concello ou a través da Sede Electrónica, dentro dos sete (7) días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Tal e como establece o artigo 14.2 de la ley 39/2015, están obrigados a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se lle requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio de dita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderase incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.





d) Quen representen a un interesado que este obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración.

e) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma na que se determine regulamentariamente por cada Administración.

Xunto coas solicitudes de inscrición é obrigatorio a presentación da seguinte documentación:

- Copia do CIF ou NIF do establecemento solicitante.
- Certificado do número de conta bancaria.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado.

No caso dos Asociados a Coemsa ou Aceba será a propia asociación quen poderá realizar as inscricións dos seus socios que o soliciten formalmente. Unha vez entregada a inscrición, o Concello fará entrega ao establecemento dun cartel acreditativo como participante do concurso, o cal deberá permanecer nun lugar visible do establecemento durante toda a campaña do Nadal.

TERCEIRO: TEMÁTICA DO CERTAMEN.

A decoración da fachada, escaparate e do interior do establecemento deberá ter como motivo principal a ambientación navideña e deberán estar decorados e expostos como mínimo dende o día 5 de decembro de 2019, data do acendido das luces navideñas, ata o 6 de xaneiro de 2020, ambos inclusivos.

CUARTO: COMPROMISO DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES.

Os establecementos que participen no certame deberán estar identificados cun cartel que indique a súa participación e que se lle será entregado polo Concello ao formalizar a inscrición.

Deberá colocarse nun lugar ben visible do establecemento o elemento anunciador que lle acredite como participante do certame.

Deberá enviar un dossier de fotografías (máximo 10) para a valoración posterior do xurado e presentalo por rexistro do concello ou ben pro sede electrónica nos termos previstos na cláusula segunda das presentes bases, indicando o nome do establecemento ao que pertence.

No seu defecto será posible entregar un dispositivo USB con este contido ben na Asociacións de comerciantes ou na propia Concellería de Comercio. A data tope para entregar a documentación gráfica das creacións será ata o 3 de xaneiro.





CUARTO: CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os criterios de valoración (puntuación máxima en cada apartado):

1.- DECORACIÓN:

| CONCEPTO | PUNTUACIÓN |
|---|------------|
| Engalanar o establecemento (fachada, escaparate, decoración interior) | 2 puntos |
| Innovación e orixinalidade | 2 puntos |
| Deseño e calidade | 2 puntos |

2.- ORIXINALIDADE E INOVACIÓN:

| CONCEPTO | PUNTUACIÓN |
|--------------------------------------|------------|
| Materiais de refugallo | 2 puntos |
| Innovación | 2 puntos |
| Traballo e dedicación na elaboración | 2 puntos |

QUINTO: PREMIOS.

Establécense os seguintes premios, segundo consignación na aplicación orzamentaria 4312-48100 do Orzamento do 2019 prorrogado para 2020.

- Premio á mellor decoración : 375€
- Premio á orixinalidade e innovación: 375€

Aos premios se lle aplicará as retencións previstas na vixente lexislación tributaria.

SEXTO: COMPOSICIÓN DO XURADO.

O xurado estará composto por un membro da Asociación de comerciantes ACEBA, un membro da Asociación COEMSA (elixidos en ambos casos polas asociacións), un membro de OVALMI, dous representantes do Concello, e unha persoa destacada no municipio relacionada coa estética, escenificación, belas artes, designada por Alcaldía. Actuará como Secretario/a un funcionario do Concello.

SÉTIMO: FALLO DO CONCURSO E ENTREGA DE PREMIOS.

Reunidos o Xurado se levantará acta das valoracións e se emitirase o fallo que será ratificado por resolución de alcaldía. O fallo do xurado será inapelable.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

A entrega do premio terá lugar nun acto público, na que a data e o lugar de celebración se lle comunicará aos participantes oportunamente.

OCTAVO.- PUBLICIDADE

As bases e a súa convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios, na páxina web do Concello de Baiona, no BOPPO e na BDNS”.

A Concelleira de cultura Miriam Mar Costas Iriarte

Baiona, na data sinalada no marxe deste documento, asinado dixitalmente.

